

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 142/2005, do 2 de xuño, polo que se concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro.

En atención aos méritos que concorren en *Real Coro Toxos e Froles*, Santiago Rey Fernández-Latorre e Agustín Sixto Seco (a título póstumo), e ao abeiro do disposto no artigo 4 do Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da Medalla de Ouro de Galicia, modificado polo Decreto 215/2003, do 3 de abril, é vontade do Goberno Galego outorgarlles a súa máis alta distinción.

Polo tanto, por proposta do conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, e logo de acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de xuño de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Concederlles a Medalla de Ouro de Galicia a:

-*Real Coro Toxos e Froles*.

-Santiago Rey Fernández-Latorre.

-Agustín Sixto Seco (a título póstumo).

Santiago de Compostela, dous de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jaime Alberto Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais
e Administración Pública

Decreto 143 /2005, do 2 de xuño, polo que se concede a Medalla Castelao.

En atención aos méritos que neles concorren, por proposta do conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, e logo de acordo do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dous de xuño de dous mil cinco, concédeselles a Medalla Castelao a:

-María José Cimadevila Cea.

-Luis González Tosar.

-Manuel Jove Capellán.

-José Luis Outeiriño Rodríguez-editor de *La Región Internacional*.

-María Milagros Rey Hombre.

-Natasha Vázquez Ruiz, Rigoberto Senarega Madruga e Ernesto Daranas Serrano.

-Francisco Darío Villanueva Prieto.

Santiago de Compostela, dous de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jaime Alberto Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais
e Administración Pública

Resolución do 2 de xuño de 2005 pola que se concede a Medalla de Galicia nas súas categorías de prata e bronce.

Examinado o expediente relativo á concesión da Medalla de Galicia nas súas categorías de prata e bronce, e visto o ditame emitido pola Comisión Aseora previsto no artigo 3.2º do Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da Medalla de Galicia, modificado polo Decreto 215/2003, do 3 de abril, en virtude das competencias que me confire o referido decreto,

DISPOÑO:

Concederlles a Medalla de Galicia nas súas categorías de prata e bronce ás seguintes persoas e entidades:

Medallas de prata:

-Fernando Álvarez Lamelas.

-Emilio Atrio Abad.

-David Cal Figueroa.

-Ramiro Carregal Rey.

-Centro de Interpretación Avifauna.

-Colegio de la Grande Obra de Atocha.

-Colegio Santiago Apóstol-Buenos Aires.

-José Cusí Ferret.

-Carmelo Lisón Tolosana.

-Milagros Otero Parga.

-Juan Carlos Rodríguez Cebrián.

-José Seoane Seoane.

Medallas de bronce:

-Gerardo Arias González.

-Eugenio Basanta Curbera.

-Jorge Baliña Sabucedo.

-Luis Ignacio Boné Calvo.

-Cáritas Diocesana de Ourense.

- Manuel Fairén Sanz.
- Enrique Fernández Fernández.
- Estanislao Fernández de la Cigña.
- Rafael Gil Malvido.
- Eduardo González Val (a título póstumo).
- Hogar de Ribadumia en Buenos Aires.
- José Iglesias González.
- José Benito López Carballedo.
- María López Muradás.
- Juan Carlos del Real Gamundi (a título póstumo).
- M^a Obdulia Rendo Rodríguez.
- Manuel Rodríguez Maneiro.
- Maria Teresa Rodríguez Rodríguez.
- Rogelio Ucha Alonso.
- Benito Vázquez García.
- José Luis Veiga Infante (a título póstumo).
- Oscar Villar Díaz.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2005.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Decreto 144 /2005, do 19 de maio, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da nova ponte sobre o río Umia (variante de Ponte Arnelas). Convenio desta consellería e a Deputación Provincial de Pontevedra. Clave PO/04/197.03.

Con data do 16 de maio de 2005, o director xeral de Obras Públicas, por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda aprobou o proxecto de trazado da nova ponte sobre o río Umia (variante de Ponte Arnelas). Convenio CPTOPV e a Deputación Provincial de Pontevedra. Clave: PO/04/197.03.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación teña atribuída a Xunta de Galicia, en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e

Vivenda, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguridade vial, xa que a ponte actual é estreita (ten un largo de cinco metros), o que unido á falta de visibilidade provocada pola existencia dunha casa na parte interior da curva do estribo sur da ponte, fai que o percorrido por ela sexa perigoso para vehículos e, especialmente, para peóns.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo da deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do día dezanove de maio de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de trazado da nova ponte sobre o río Umia (variante de Ponte Arnelas). Convenio CPTOPV e a Deputación Provincial de Pontevedra. Clave: PO/04/197.03.

Santiago de Compostela, dezanove de maio de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Alberto Núñez Feijoo
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 145/2005, do 2 de xuño, polo que se crea a Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia plena desta Comunidade Autónoma para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; competencias que lle están atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos termos que figuran no artigo 2 do Decreto 114/1982, do 1 de setembro, sobre asunción de transferencias en materia educativa, e no artigo 1 do Decreto 454/2003, do 26 de decembro (DOG do 19 de xaneiro de 2004), polo que se establece